

SESIÓN ORDINARIA DE 26 DE XUÑO DE 2.009

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día vinteseis de xuño de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D^a Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D^a Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- MOCIÓN DO BNG, con número de Rexistro de Entrada 1.940.

Ponse de manifesto a Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 7 de maio de 2009, e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce M^a Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Resulta evidente que o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, ata hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. O respecto á legalidade vixente (Estatuto e Lei de Normalización Lingüística) e a implementación de cambios legais na dirección da igualdade e da convivencia semellan non ir na dirección dos que aínda poñen proa ao dereito fundamental para que o galego desfrute no seu territorio do mesmo status legal que o castelán no seu.

Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, por cando existen sectores – políticos e mediáticos – que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galiza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua.

Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: non só non disfrutamos dunha realidade que permita a existencia e normalidade dos usos do noso idioma no día a día; senón que ademais resulta claramente evidente un proceso de confusiónismo que pretende en realidade que as persoas galegofalantes non teñan dereitos lingüísticos e que os únicos

deberes para as administracións públicas queden referenciados ao uso do castelán. Na práctica, estamos na negación da igualdade e da verdadeira convivencia entre as dúas linguas.

De feito, un contundente informe do Consello de Europa elaborado a finais do pasado ano advertía que no noso País non se están a dar garantías para o uso normal do galego en sectores tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose de feito os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego.

Acreditamos que compete ao pobo galego, a través das súas institucións representativas, definir a política lingüística acorde co criterio de cooficialidade e de lingua propia que mesmo o actual Estatuto reconece para o noso idioma; esixindo das institucións de autogoberno a defensa da igualdade plena de dereitos para o galego e a aplicación de medidas a favor da normalización dos seus usos.

Non obstante, estamos a escoitar declaracións de persoas con cargos de alta responsabilidade no novo Goberno Galego que supoñen un claro ataque contra do galego e mesmo poden supoñer un claro perigo de confrontación e de fractura social; á marxe de ir contra de acordos unánimes do Parlamento Galego, nomeadamente contra do recollido no artigo 5 do noso Estatuto de Autonomía, que sinala o galego como lingua propia de Galiza e a obriga dos poderes públicos de potenciala nos diferentes ámbitos de uso.

Precisamente nesa liña, é polo que solicitamos do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

A C O R D O S

- 1. Manifestar a vontade da corporación na defensa da nosa lingua e, especificamente, nos acordos unánimes adoptados polo Parlamento Galego para instrumentar as medidas de normalización do galego nos diversos ámbitos sociais.*
- 2. Apoiar o “Manifesto pola convivencia lingüística e a igualdade de dereitos para o galego”.*
- 3. Secundar as campañas e iniciativas que se promovan en defensa do idioma galego e, concretamente, a convocada para o vindeiro 17 de Maio en Compostela”*

Trala defensa e exposición da moción polo voceiro do BNG, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que defende a lingua galega como seña de identidade propia como pobo, e recorda que temos un marco legal que atribue a administración a obriga de promocionala e conserva-la, polo tanto, dende o PSdG-PSOE, oporanse a toda estratexia política na que se utilice a lingua como obxeto de confrontación.

Recorda que o Galego tivo certos problemas de recoñecemento e aceptación que motivaron que dende a administración se promovera o seu uso nos eidos administrativos e educativos, abrindo o seu uso do familiar e privado ao público. Dende o PSdG-PSOE propoñen a actuación dende un modelo administrativo e educativo que garanta o coñecemento e coexistencia de ambas linguas: castelán e galego, e permitan un coñecemento suficiente dun idioma estranxeiro.

O voceiro do PSdG-PSOE, sinala que non tería inconvinte en apoiar a moción, coa salvidade do punto terceiro, referente a unha manifestación que xa tivo lugar, sempre que se introducisen dous condicionantes expresos:

- Que se respenten os dereitos lingüísticos de tódolos galegos.
- Que se estabreza un consenso en política lingüística que permita un nivel equiparable de competencias en ambas linguas, así como a introducción dunha terceira lingua.

Toma a palabra o voceiro do PP, o sr. Pardo Lombao, que destaca como exemplo de instrumentación e confrontación política a presente moción, xa que se presenta o sete de maio, uns poucos días despois de que o BNG deixara a Xunta de Galicia.

E se a penas unha semana despois de deixar a Xunta presentan esta moción, ¿están a recoñecer que non fixeron o que debían durante o seu mandato?. Porque tanto dende a Consellería de Cultura, como dende as restantes consellerías (xa que o BNG pertencía ao Goberno da Xunta), poideron implantar estas medidas que agora piden na moción. Isto demostra que esta moción é pura demagogia.

Poderíase apoiar o punto relativo ao apoio da corporación na defensa do galego, se ben é innecesario, xa que a mellor defensa é o uso, e o equipo de Goberno e o propio Pleno están a usar o galego de cotío.

Tampouco tería problema o relativo ao apoio do acordo unánime do Parlamento de Galicia, xa que como é lóxico, dende o Concello se apoiará todo acordo unánime do Parlamento que non atente contra os intereses do propio concello.

Fala o texto da moción de instrumentalizar medidas, e estas medidas xa existen, funcionan e se están a apricar. En calquer caso, recorda que a mellor defensa do Galego e a súa fala, e neste Concello, tanto o Pleno coma o Equipo de Goberno, falan o galego.

Recorda que estamos nun país bilingüe, e que os galegos teñen o dereito de usar a ligua que desexen. O equipo de Goberno deste Concello rexeita toda imposición, e ao igual que no seu momento rexeitou a imposición do castelán, nestes intres rexeita a imposición do Galego que se está a promover dende o Bloque.

Por outra banda, recorda que o PP foi moi claro na campaña electoral sobor o uso da

lingua, e o apoio popular nas urnas foi abraiante.

O sr. Arcadio, voceiro do BNG, asegura que o que é sorprendente é que a estas alturas teñamos que estar solicitando do Pleno o apoio da lingua. Asegura tamén que se trouxo esta moción ao Pleno foi porque dende o principio do mandato o actual Presidente da Xunta de Galicia estivo a atacar ao galego.

Terán que ter en conta que sempre que se ataque ao galego ahí estará o BNG para defendelo, e por moito que se empeñen dende o PP non conseguirán acabar con él. Recorda que certos altavoces mediáticos do PP divulgaron a creencia de que o castelán está sendo atacado en Galicia, e que se prohibía o seu uso, cando a situación é exactamente a contraria. Pon de exemplo a Capitanía Marítima de Burela ou certas empresas privadas.

No eido do ensino non se cumpren as normas de educación e normalización lingüística. Nas administracións públicas, coma a Xunta de Galicia, os funcionarios fan un uso sistemático do castelán, non sendo posible a día de hoxe que se dirixan a ún en galego. A situación da Xustiza é aínda peor. Ése é o problema que ten o galego neste país, e radica no desprecio e na vergoña no seu uso.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao, e recórdalle que a verdadeira defensa do galego é a súa fala cotiá, e nos o falamos da cotío, e non os manifestos e as manifestacións.

No tocante a que na Xunta non se fala galego, en primeiro lugar asegura que é incerto e, en calquer caso, de ser así, tiveron catro anos para correxilo, pero fan coma fixeron con Leche Pascual, que tiveron a responsabilidade da Consellería de Industria sen facer nada para impedir a situación a que agora se chegou, e a semana seguinte de deixar a Consellería, o ex-conselleiro de Industria eo de Medio Rural estaba detrás da pancarta na manifestación.

Fala dos ataques do Presidente da Xunta, e o único que fixo foi o que deberan facer todos: cumprir os seus compromisos. O Presidente da Xunta fixo un contrato cos galegos e foi suscrito por unha maioría absoluta moi ampla. E ese contrato baseábase nun programa electoral no que figura de xeito moi claro a política lingüística. E agora ao BNG moléstalle que se cumpra o prometido e moléstalle que se pregunte aos pais pola educación dos seus fillos.

Por outra banda, nos non necesitamos que o BNG defenda o galego, xa o defendemos nos tódolos días, e por outra banda o galego non é patrimonio do BNG, senón que o é de tódolos galegos.

É unha vergoña que o BNG se apropie do galego e a súa defensa e é unha vergoña que periódicamente o BNG esté a presentar mocións coma esta co único fin de alimentar o fogo da confrontación e a demagogia. E apunta que non tódolos dirixentes do BNG falan o galego, xa que moitos tan só o usan nas intervencións públicas, pero na fala cotiá non o teñen

presente.

Non rexeitaremos ao castellano-parlantes, non se tratarán como apestados, porque tódos temos o dereito de falar tanto o galego coma o castelán

Por iso non apoiarán a moción, a pesares de que están de acordo con algún dos seus puntos e, como é obvio, coa defensa do galego. Non obstante, non poden apoiar a moción en tanto é unha mera provocación á confrontación política e unha burla aos galegos.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción.

Realizada a votación, a moción queda rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PP, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipales do BNG e PSdG-PSOE.

2.-ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS.

Ponse de manifesto o escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 25 de xuño de 2009, e do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da legislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito ó Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS ó Equipo de Goberno, con relación á Orde do Día do Pleno da data.

1º - ¿Ten constancia o Sr. Alcalde do estado no que se atopa o cruceiro, ubicado na parroquia de Guillar, onde se atopa a escola de Guillar? ¿No caso de que así sexa, onde pensa ubicalo?

2º - Dende hai tempo vecinos deste concello (O Castro, A Pontenova, Silvarrei, Pape, etc.) o estado das paradas de autobús do Castro e da Pontenova. ¿Ten constancia o Sr. Alcalde que lies está supoñendo ós vecinos o estado destas paradas? ¿Tomou medidas fronte a iso?

3º - Dende hai meses o noso Grupo Político estalle a preguntar polo estado do firme do camino no Centro de Outeiro de Rei, a día de hoxe seguimos a preguntarnos, ¿por qué segué o firme no mesmo estado?

4º - Respecto ás obras da Escola de Guillar, ¿remataron as obras que se pretendían realizar? ¿Podería explicar en qué consistiron e se ten previsto realizar algunha mellora a maiores?

5º - ¿Quen ou quenes son os encargados de manter instalacións como poden ser centros sociais, escolas, etc. en boas condicións de limpeza e hixiene? Naquelas instalacións onde hai gas butano, ¿quen é o encargado de revisar as bombonas e o estado no que se atopan as estufas de gas?

6º- ¿Tivo constancia o Sr. Alcalde dos problemas que houbo este ano co ^T comedor do colexio público? ¿Ten pensado tomar algunha medida para o vindeiro curso escolar?

En Outeiro de Rei, a 25 de Xuño de 2009.“

Contesta o sr. Alcalde as preguntas formuladas nos seguintes termos:

1- O cruceiro de Guillar foi apartado para efectuar a restauración do muro, e unha vez acaben estas obras se reubicará no mesmo lugar nas mellores condicións posibles.

2- No que respecta as paradas de autobús, estamos a espera da constestación do Ministerio de Fomento, xa que ditas paradas se ubican na N-VI e a competencia é do Ministerio.

3- O camiño de Outeiro de Rei ao que fan referencia se atopa en boas condicións de pavimentación, aínda que non está asfaltado. E non se asfaltarán en tanto os propietarios non fagan a cesión dos terreos necesarios para que o vial teña a anchura prevista no planeamento para este vial dende o ano 1992. Algún xa fixo a cesión e deben quedar dous ou tres por facela. Esta mesma resposta se lle deu aos veciños da zona dende hai varios anos.

4- No relativo a escola de Guillar, as obras están practicamente rematadas, restando unicamente algún retoque de pintura.

5- O encargado de conservar a escola é o Concello, ao igual que o estado das estufas e das bombonas. As estufas están practicamente novas, e cando se deterioran se substitúen por outras.

6- Non ten constancia de que houbera ningún problema no comedor escolar. Ningún responsable do centro ten coñecemento de problema ou incidencia algunha. Este foi uns dos anos no que mellor funcionou o comedor. Esperemos que co novo goberno da Xunta funcione todavía mellor, porque non podemos esquecer que o servizo educativo e, lóxicamente, o comedor, é de responsabilidade da Xunta de Galicia.

E non habendo máis asuntos a tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita. Asdo.: José Pardo Lombao.